

Os somatismos máis frecuentes na fraseoloxía portuguesa

Iovka Bojílova Tchobánova¹

Universidade de Lisboa

O obxecto de estudo deste traballo son os somatismos na lingua portuguesa. Este tema non foi moi estudado aínda que constitúe unha parte importante da fraseoloxía portuguesa. O artigo inclúe unha análise estatística e semántica dos somatismos.

Palabras clave: fraseoloxía, somatismos, portugués, frecuencia.

not been studied so far although it is a significant part of the Portuguese Phraseology. The study includes a statistical and semantic analysis of the somatic phraseologisms.

Keywords: phraseology, somatic phraseological units, Portuguese language, frequency.

1. Introducción

O obxecto de estudo son os fraseoloxismos somáticos na lingua portuguesa, isto é, aquelas unidades fraseolóxicas que conteñen entre os seus compoñentes denominacións para o corpo humano ou animal (*dar uma mão, ter cabelos no coração, levar alguém pelo nariz* etc.). Elixiuse este tema polo feito de que este grupo de unidades fraseolóxicas (UFs) non se estudou na lingüística portuguesa, malia representaren unha parte moi considerable da fraseoloxía desta lingua. O noso obxectivo é presentar unha visión panorámica dos elementos constitutivos somáticos máis frecuentes dos fraseoloxismos portugueses. O traballo consiste nunha análise estatística e semántica dos fraseoloxismos somáticos, isto é, non só se estuda a frecuencia de aparición de somatismos como *man, pé, cabeza, ollo, boca, brazo, perna, corazón, lingua, sangue*, etc. mais tamén se fai unha análise dende unha perspectiva cognitiva, do significado dos fraseoloxismos que conteñen os somatismos máis habituais.

Data de recepción 19/03/2009 Data de aceptación 30/03/2009

¹ Tradución de Xavier Valverde Alonso, Rebeca Iglesias Pintos e María Xesús Barrios.

Os somatismos máis frecuentes na fraseoloxía portuguesa

Iovka Bojílova Tchobánova¹

Universidade de Lisboa

O obxecto de estudo deste traballo son os somatismos na lingua portuguesa. Este tema non foi moi estudado aínda que constitúe unha parte importante da fraseoloxía portuguesa. O artigo inclúe unha análise estatística e semántica dos somatismos.

Palabras clave: fraseoloxía, somatismos, portugués, frecuencia.

not been studied so far although it is a significant part of the Portuguese Phraseology. The study includes a statistical and semantic analysis of the somatic phraseologisms.

Keywords: phraseology, somatic phraseological units, Portuguese language, frequency.

1. Introducción

O obxecto de estudo son os fraseoloxismos somáticos na lingua portuguesa, isto é, aquelas unidades fraseolóxicas que conteñen entre os seus compoñentes denominacións para o corpo humano ou animal (*dar uma mão, ter cabelos no coração, levar alguém pelo nariz* etc.). Elixiuse este tema polo feito de que este grupo de unidades fraseolóxicas (UFs) non se estudou na lingüística portuguesa, malia representaren unha parte moi considerable da fraseoloxía desta lingua. O noso obxectivo é presentar unha visión panorámica dos elementos constitutivos somáticos máis frecuentes dos fraseoloxismos portugueses. O traballo consiste nunha análise estatística e semántica dos fraseoloxismos somáticos, isto é, non só se estuda a frecuencia de aparición de somatismos como *man, pé, cabeza, ollo, boca, brazo, perna, corazón, lingua, sangue*, etc. mais tamén se fai unha análise dende unha perspectiva cognitiva, do significado dos fraseoloxismos que conteñen os somatismos máis habituais.

Data de recepción 19/03/2009 Data de aceptación 30/03/2009

¹ Tradución de Xavier Valverde Alonso, Rebeca Iglesias Pintos e María Xesús Barrios.

2. Corpus

Para levarmos a termo este estudo, emprégase un vasto corpus de UFs, extraídas de 8 dicionarios portugueses, xerais e fraseolóxicos que corresponden a estas siglas que desenvolvemos na bibliografía final: *DLPC, DLP, DPB, GDLP, NDEI, DI P-P, DI P-A e EI R-P*.

Recolléronse soamente as expresións idiomáticas, as comparacións fixas e as colocacións; quedaron fóra do alcance do estudo os proverbios, as frases proverbiais e as fórmulas rutineiras, consonte a clasificación de G. Corpas Pastor (1996).

3. Análise estatística dos fraseoloxismos somáticos

Dos 8 dicionarios citados, recolleuse un total de 13.000 fraseoloxismos, dos cales 3.650 son fraseoloxismos somáticos que conteñen 70 somatismos diferentes. Estes 3.650 fraseoloxismos representan unha cuarta parte de todos os fraseoloxismos portugueses recollidos.

Este feito confirmou a tese de que as denominacións dos órganos do corpo humano e animal en todas as linguas serven como base para creamos máis fraseoloxismos. A explicación deste fenómeno reside nos factores extralingüísticos, isto é, no enorme papel das partes do corpo humano na vida das persoas.

Os 70 somatismos ordenáronse en varios grupos segundo a súa produtividade na formación de unidades fraseolóxicas.

I grupo

No primeiro grupo entran os somatismos *man (mão), pé (pé), ollo (olho), cabeza (cabeça) e boca (boca)* que son os compoñentes máis frecuentes na composición das UFs portuguesas. Estes son os únicos compoñentes que forman máis de 200 ou 300 fraseoloxismos.

	Lexema	No	Exemplos
1.	<i>mão</i>	382	<i>meter os pés pelas mãos; abraçar o céu com as mãos; de mão beijada</i>
2.	<i>pé</i>	274	<i>de pé atrás; com pés e cabeça; tirar o pé do lodo; abrir o pé</i>
3.	<i>olho</i>	227	<i>ter olhos de lince; deitar cinza para os olhos; fazer olhinhos a alg.</i>
4.	<i>cabeça</i>	222	<i>ter cabeça; perder a cabeça; bicho de sete cabeças; cabeça de burro</i>
5.	<i>boca</i>	202	<i>fazer cruces na boca; bater boca; com o credo na boca; cair da boca</i>

É interesante observar que os primeiros 5 lugares na lista de somatismos máis frecuentes na lingua búlgara e na francesa son case os mesmos ca na lingua portuguesa.

Para a lingua búlgara (K. Nitcheva 1987:212) temos: *Глава* (cabeza) (483); *Око* (ollo); *Ръка* (man) (264); *Уста* (boca); *Сърце* (corazón) (234); *Крак* (pé/perna) (205).

Para a lingua francesa (A. G. Nazarijan 1968) son os seguintes: *Main* (man) (369); *Tête* (cabeza) (333); *Oeil* (ollo) (282); *Coeur* (corazón) (255); *Nez* (nariz) (139).

II grupo

Despois, seguen os lexemas cara (*cara*), lingua (*língua*), alma (*alma*), dedo (*dedo*) e dente (*dente*).

No	Lexema	No	Exemplos
6.	<i>cara</i>	126	<i>salvar a cara; não ir com a cara de alg.; custar os dentes da cara</i>
7.	<i>língua</i>	116	<i>soltar a língua; morder a língua; estar debaixo da língua; língua de trapos</i>
8.	<i>alma</i>	102	<i>tirar a alma a alg.; partir a alma; vender a alma ao diabo</i>
9.	<i>dedo</i>	82	<i>ter dedo para alg. coisa; não levantar um dedo; pôr o dedo na chaga; contar-se pelos dedos</i>
10.	<i>dente</i>	75	<i>ter bom dente; aguçar o dente; dar ao dente; mentir com quantos dentes tem na boca</i>

III grupo

Este grupo inclúe os somatismos que aparecen entre 60 e 75 fraseoloxismos diferentes:

No	Lexema	No	Exemplos
11.	<i>coração</i>	75	<i>ter cabelos no coração; ter um coração mole; coração de pedra</i>
12.	<i>sangue</i>	73	<i>ter o sangue quente; ficar sem pinga de sangue; ter sangue de barata</i>
13.	<i>nariz</i>	71	<i>levar alg. pelo nariz; chegar a mostarda ao nariz; bater com o nariz na porta</i>
14.	<i>rabo</i>	65	<i>de rabo alçado; dar com os calcanhares no rabo</i>
15.	<i>costas</i>	64	<i>mostrar as costas; ter as costas largas; pôr as costas num molho a alguém</i>

IV grupo

O cadro que segue presenta os 5 somatismos que forman entre 40 e 50 unidades fraseolóxicas:

No	Lexema	No	Exemplos
16.	<i>braço</i>	49	<i>dar o braço a torcer; baixar os braços; cruzar os braços</i>
17.	<i>barriga</i>	43	<i>trazer o rei na barriga; ter a barriga a dar horas; chorar de barriga cheia</i>
18.	<i>cabelo</i>	44	<i>estar pelas pontas do cabelo; não faltar um cabelo</i>
19.	<i>barba</i>	40	<i>pôr as barbas de molho; empenhar as barbas; ter a barba rija</i>
20.	<i>pele</i>	40	<i>levar a pele; morder na pele de alg.; arriscar a pele/o pelego</i>

Os restantes 50 somatismos forman entre 2 e 40 fraseoloxismos. Son poucos os somatismos que non forman ningún fraseoloxismo: *umbigo, polegar, antebraço, barriga da perna, tornozelo, planta*.

Ó observarmos os primeiros dous cadros, constatamos que o número total de fraseoloxismos portugueses que inclúen na súa composición os 10 somatismos máis frecuentes ascende a 1808. En realidade, este número é maior, se temos en conta que algúns lexemas que designan somatismos teñen sinónimos e diminutivos. Temos o exemplo do lexema *cabeza (cabeça)* que ten como sinónimos expresivos as seguintes palabras:

No	Sinónimos de <i>cabeça</i>	No	Exemplos
1.	<i>bola</i>	40	<i>baixar a bola; não regular bem da bola; ter pancada na bola</i>
2.	<i>grimpa</i>	2	<i>baixar a grimpa; levantar a grimpa</i>
3.	<i>crista</i>	9	<i>erguer a crista</i>
4.	<i>mona</i>	2	<i>dar na mona a alguém; ter pancada na mona</i>
5.	<i>cachola</i>	7	<i>não regular bem da cachola</i>
6.	<i>pinha</i>	17	<i>estar/ficar/andar com uma grande pinha; sofrer da pinha</i>
7.	<i>mioleira</i>	3	<i>pôr o sal na mioleira; ser duro da mioleira</i>
8.	<i>tola</i>	1	<i>ter pancada na tola</i>
9.	<i>cachimônia</i>	2	<i>puxar da/pela cachimônia</i>

Como sinónimos de perna aparecen *pata* (*ir à pata*), *butes* (*dar aos butes*), *canela* (*dar às canelas*), *canelo* (*dar aos canelos*), *pernil* (*esticar o pernil*), *caneta* (*nao se aguentar nas canetas*), *trancas*, *gâmbia* (*dar às gambias*) etc. (cf. A. S. V. d'Alvarenga 1952).

Son bastante numerosos os exemplos con diminutivos:

Fazer olhinhos a alguém (EI R-P) ‘facer ollos bonitos a alguén’;

Dar uma maozinha (DLPC) ‘axudar a alguén’.

Tamén se utilizan para formar fraseoloxismos lexemas que designan partes do corpo de animais e de aves: *cola* (*caula*), *corno* (*cornol/chifre*), *á* (*asa*), *pata* (*pata*), *bico* (*bico*) etc.

4. Análise nunha perspectiva cognitiva

Nesta parte do traballo propoñémonos analiza-lo significado dos fraseoloxismos en onde entran os 5 somatismos máis produtivos: *man* (*mão*), *pé* (*pé*), *ollo* (*olho*), *cabeza* (*cabeça*), *boca* (*boca*), e algúns somatismos como *corazón* (*coração*), *lingua* (*língua*), *sangue* (*sangue*), que son representantes dos outros grupos.

Como xa mencionamos, os somatismos constrúen a imaxe metafórica de todos os fraseoloxismos en estudo. Sabemos que a metáfora pasou a se-la figura coa que se representa a figuralidade na linguaxe. Baixo o concepto de metáfora agrúpanse diferentes tropos que reflicten unha relación entre o sentido propio das palabras e o sentido figurado. A metáfora supón un uso non literal da palabra e concíbese como a transformación dun sentido concreto noutro abstracto. A metáfora, a metonimia ou a simple comparación son algúns dos principais recursos que empregan os falantes para unha maior expresividade e un maior enriquecemento da lingua de seu. Tradicionalmente considerouse que a metáfora e a metonimia eran figuras retóricas mais, cara a finais da década de 1970, a lingüística cognitiva mudou a perspectiva tradicional ó considerar que estes dous recursos eran mecanismos cognitivos esenciais presentes de xeito universal en toda lingua natural. A esencia da metáfora é entender e experimentar un tipo de cousa en termos doutra; non é unha expresión lingüística illada, senón unha relación sistemática entre un dominio de Orixe e un dominio Meta, unidos polo procedemento do *mapping* ou proxección. Normalmente concíbese un dominio abstracto en termos dun dominio máis concreto. Deste xeito, a metáfora fai cognoscitivamente accesibles ou dispoñibles dominios conceptuais abstractos. A metáfora é esencial e necesaria para entender e explicar moitos fenómenos que doutro xeito non daríamos entendido. A relación entre o dominio Orixe e o dominio Meta é unidireccional.

Dominio Orixe → Dominio Meta

Proxección

Unha discusión é unha guerra

A vida é unha viaxe

A continuación imos ve-las estruturas metafóricas nas que un concepto queda estruturado en termos doutro, permitíndonos conceptuar un elemento acudindo a outro que comprendemos de xeito máis directo (J. Lakoff, 1983). Nesta parte do traballo tivemos en conta a análise feita por P. Larreta Zulategui (2001) sobre os somatismos en alemán e en español.

Daquela **MÃO** é conceptuada como instrumento de traballo (1), ás veces un traballo moi delicado (3). Tamén é conceptuada como instrumento de acción violenta, é dicir, *man* entra na composición de expresións que designan a acción de *golpear* (2).

1. Instrumento de acción/traballo

meter mãos à obra – ‘Comezar un traballo, encetar unha tarefa’

ter alguma coisa em/entre mãos – ‘Estar a traballar; estar ocupado con determinado asunto ou tarefa’

estar com a(s) mão(s) na massa – ‘Estar a traballar naquilo que se trata’

dar uma mão/mãozinha – ‘Auxiliar alguén’

estender a mão a alguém – (...) 2. ‘Auxiliar, socorrer alguén.’

2. Instrumento de acción violenta

assentar a mão em alguém (Fam.) – ‘Baterlle a alguén’

pôr a(s) mão(s) em cima de alguém – ‘Bater en alguén’

levantar a mão contra alguém – ‘Ameazar, bater en alguén’

3. Instrumento de acción para a cal se está especialmente dotado

mãos de fada – 1. ‘As que executan habilmente traballos delicados.’ 2. ‘Persoa habilidosa, que executa primorosamente traballos manuais.’

Teñen sentido oposto expresións como:

mãos de aranha (Deprec.) – ‘Persoa inhábil, que non apreixa as cousas con firmeza’

ter mãos de manteiga (Fam.) – ‘Ser descoidado, pouco firme no manexo ou apreixo de obxectos’

4. Instrumento de poder, control

ter alguém nas mãos – ‘Ter baixo control; dominar’

ter mão em alguma coisa, alguém – ‘Conter, controlar’

vir comer à mão – ‘Estar baixo o control de alguén; estar completamente submisos’

mão de ferro – ‘Poder tiránico e represivo’

5. Símbolo da xenerosidade ou de mesquindade

mãos largas – ‘O mesmo que *mãos rotas*’

mãos atadas – ‘Persoa avara’

6. Símbolo da honradez

mãos limpas – ‘Que non é corrupto, que non acepta suborno’

Nos últimos catro casos (3, 4, 5 y 6) (cf. *mãos de fada*, *mão de ferro*, *mãos largas*, *mãos limpas*) observamos metonimias nas que se utiliza o órgano da acción pola persoa que realiza a acción.

PÉ

O *pé* representa a persoa (no tocante ó suxeito de movemento, de ir dun lado a outro, de entrar e saír dun lugar). Por esta razón, *pé* entra con frecuencia na composición de fraseoloxismos que designan a acción de *entrar* ou *saír*:

1. Instrumento de deslocaión

meter o pé – ‘Entrar’

pôr os pés em algum lugar – ‘Entrar alí; ir alí’

não arredar pé – ‘Non saír de onde está’

não meter/pôr pé em algum lugar –1. ‘Non ser recibido; non entrar. (...)’

atar de pés e mãos –1. ‘Impedir a iniciativa ou os movementos a alguén; impedir actuar. 2. ‘Contrariar.’

pé forma parte de locucións, que expresan as diferentes formas de desprazarse:

apertar o pé – ‘Andar máis de présa’

arrastar os pés – ‘Andar con dificultade’

ir num pé e vir no outro – ‘Bulir’

levar os pés nas mãos –1. ‘Andar con dificultade.’ 2. ‘Ir contrariado.’

a pés de cavalo – ‘Con rapidez; a correr’

a sete pés – ‘Moi rapidamente; a présa’

pé ante pé –1. ‘Moi devagar; paso a paso.’ 2. ‘Cautelosamente.’

com/em pés de lã –1. ‘Sen barullo; cautelosamente.’ 2. ‘Sen alarde; discretamente.’

em bicos de pés –1. ‘Apoiado nas dedas dos pés.’ 2. ‘Solermiñamente.’

Os membros inferiores non son só o órgano de locomoción do ser humano, senón que tamén lle permiten o apoio:

2. Apoio, seguridade, firmeza

de pé –1. ‘En posición erecta.’ 2. ‘Firmemente; sen abalo.’

tomar pé –1. ‘Ter pé; poder apoiar os pés no fondo dun río, mar... ficando coa cabeza de fóra.’ 2. ‘Asegurarse alguén dalgunha cousa ou informarse sobre ela.’ 3. ‘Consolidarse.’

não se poder pôr de pé – ‘Non conseguir manterse en pé; sentir fraqueza debido á fame ou doenza’

não se ter de pé – ‘Non conseguir manterse en pé; sentir fraqueza debido á fame ou a unha doenza’

perder o pé –1. ‘Non poder apoiar os pés no fondo dun río, mar..., ficando coa cabeza de fóra.’ 2. ‘Perder o control da situación’

ter os pés bem assentes na terra/no chão – ‘Ser obxectivo e realista’

ter pés de barro – ‘Ser pouco sólido; ser fráxil, vulnerable, a pesar da aparencia de grandeza, forza ou poder’

OLHO

Tradicionalmente o *ollo* é considerado como o espello da alma e conceptúase como o instrumento de percepción física e intelectual. É frecuente a metáfora *comprender é ver*. A visión, xunto co oído, ten sobre os outros sentidos a vantaxe de proporcionar datos a distancia, sen esixi-lo contacto directo que requiren o tacto e o gusto. Quizais sexa máis facilmente asociable á esfera do intelectual, ó considerarse a obxectividade como unha maior distancia física. Así, o *ollo* é conceptualizado como:

1. Instrumento de percepción física, emocional, intelectual

abrir os olhos de alguém – ‘Mostrarlle a verdade’

arregalar o olho – ‘Abrir os ollos, mostrando desexo ou sorpresa’

comer com os olhos – ‘Cobizar, desexar’

encher o olho – ‘Agradar á vista, satisfacer’

irem-se os olhos em alguma coisa – ‘Desexar intensamente’

2. Instrumento de precaución

ser todo olhos; andar com cem olhos – ‘Estar moi atento’

abrir os olhos – 1. ‘Estar atento, vixilante.’ 2. ‘Darse conta da realidade’

ter debaixo do olho – ‘Non desviar a atención de alguén ou dalgunha cousa; vixiar’

andar/estar/ficar de olho em alguém – 1. ‘Vixiar, observar.’ 2. (...)’

3. Instrumento de coñecemento considerado evidente

saltar aos olhos – ‘Ser evidente; ser de fácil comprensión’

entrar pelos olhos – ‘Ser evidente; ser fácil de comprender’

meter pelos olhos dentro – ‘Ser evidente, simple de comprender’

4. Órgano que permite advertir e comprender

ter lume no olho – ‘Ser moi aleuto’

ter olho vivo – ‘Ser moi aleuto, perspicaz’

ter (bom) olho – 1. ‘Ser bo observador.’ 2. ‘Ser esperto.’

Teñen significado oposto as seguintes locucións:

ter os olhos fechados – ‘Ter pouca experiencia da vida; deixarse enganar’

ter poeiras/peneiras nos olhos – ‘Non ver as cousas como realmente son’

olhos de carneiro mal morto; olhos de peixe morto – 1. ‘Ollar apagado, inexpresivo.’ 2. ‘Ollar amoroso, lânguido, baboso, que chega a ser ridículo.’

Os exemplos de (4) amosan que coa metáfora principal *comprender é ver* están relacionadas outras metáforas como por exemplo *as ideas son fontes de luz* e *a intelixencia é claridade da mente*. É intelixente o que ten unha mente chea de luz, o que ten os ollos abertos. En cambio, o que non ve, o cego, non se considera intelixente (cf. *ter lume no olho; ter olho vivo ≠ ter poeiras/peneiras no ollos; deitar cinza/pó aos ollos de alguén*). A falta de intelixencia descríbese mediante imaxes da escuridade, da imposibilidade de ver e da cegueira.

Son moitos os fraseoloxismos con *ollo* que aluden ó mundo animal:

ter ollos de linxe/águia – 1. ‘Ter unha vista penetrante.’ 2. ‘Ser perspicaz.’

ollos de rato – ‘Ollos pequenos’

ollos de gato – ‘Ollos que ven no escuro; os que teñen unha cor esverdeada’

5. Instrumento para medir de forma aproximada

a olho – ‘Recorrendo apenas á vista, sen pesar nen medir’

6. O *ollo* é a representación de algo moi valioso

custar os ollos da cara – ‘Custar moito’

dever os ollos da cara – ‘Deber moito’

estar pelos ollos da cara – ‘Custar moito’

7. Expresa saciedade, exceso

estar até aos ollos – ‘Estar farto’.

CABEÇA

A *cabeza* é considerada como un recipiente, un continente (por exemplo de ideas); é un obxecto importante (e fráxil!); ademais, representa o raciocinio e a memoria; pode representala persoa como parte máis importante.

A *cabeza* identifícase como a sede das facultades intelectuais. *Ter algo na cabeza* significa ‘sabelo, entendela, pensalo’. Cando unha persoa non entende algo dise que *não lhe cabe na cabeça; não lhe entra na cabeça*. Por metonimia, a expresión *cabeza dura* utilízase para designar unha persoa pouco intelixente ou unha persoa teimuda. Ser estúpido é ter un contedor baleiro: *cabeza de vento, cabeza de alho chocho* etc. De novo observamos a metonimia do tipo “o órgano pensante pola persoa pensante”.

Así, podemos resumir que a *cabeza* é concibida como:

1. Representación do ser vivo, da vida

ter a cabeza a prêmio – ‘Ser procurado polas autoridades’

querer/exigir a cabeça de alguén – ‘Esixir a exoneración de alguén dun posto ou función’

2. Lugar do entendemento, da memoria, do pensamento

(nã) saber onde tem a cabeça – ‘(Non) ter xuízo; (non) ser sensato’

cabeça oca (Fam.) (Deprec.) – ‘Persoa sen xuízo, insensata, desmiolada, parva’

não lhe entrar na cabeça – 1. ‘Non conseguir entender algunha cousa.’ 2. ‘(...)’

não lhe sair da cabeça – ‘Non conseguir esquecer, estar obcecado’

passar pela cabeça – ‘Vir ó pensamento’

A *cabeza grande* indica intelixencia (*ser uma grande cabeça*) ou teimosía (*ser cabeçudo, ser duro de cabeça*) e a pequena ou pouco pesada indica falta de xuízo: *cabeça leve, cabeça de alvéola, cabeça de abrótea, cabeça de avelã, cabeça de alho chocho, cabeça de vento, cabeça no ar*.

Son moitas as locucións con *cabeza* que fan alusión á insensatez ou a loucura, ou sexa, cando o contedor está danado: *não estar bom da cabeça, faltar-lhe um parafuso na cabeça, não regular bem a cabeça de alguém* etc.

3. Lugar das emocións, a vontade, a conciencia, o ánimo

ter/ser cabeça fria – ‘Razoar obxectivamente sen influencia dos sentimentos’

ser duro de cabeça – 1. ‘Ser persoa pouco intelixente.’ 2. ‘Ser persoa teimosa, obstinada.’

levantar a cabeça – 1. ‘Gañar confianza en si.’ 2. ‘Prosperar nos negocios.’

4. A parte máis importante: o poder e a vitoria

á cabeça – ‘Á fronte; a liderar’

BOCA

A *boca* é un obxecto que se abre e se pecha; representa a fala (e a persoa que fala); representa tamén o acto de beber e comer (e a persoa que necesita alimentarse). A boca conceptúase como:

1. Transmisor de información

abrir a boca – (...) 2. ‘Falar, dicir algunha cousa.’ 3. ‘Responder, replicar ou retrucar’

Bater boca (Bras.) – ‘Discutir animadamente; altercar’

andar de boca em boca – 1. ‘Ser transmitido oralmente de persoa a persoa.’ 2. ‘Ser moi falado ou divulgado.’

correr de boca em boca – ‘O mesmo que *andar de boca em boca*’

andar nas bocas do mundo – ‘Ser obxecto da maledicencia e da censura pública’

boca azul (Angol.) (Xir.) – ‘Persoa que fala moito sobre a vida dos outros e que tenta se entremeter nelas’

boca mole (Bras.) – ‘Que fala demais; falangeiro’

Os últimos dous exemplos (cf. *boca azul* e *boca mole*) ilustran dous casos de metonimia cando o órgano de falar se emprega no canto da persoa falante.

Ter boca é facer uso dela para falar. *Abrir a boca* é falar; *cerrar a boca* é calar. Tamén hai moitas locucións que aluden ás diferentes formas de falar:

dizer à boca cheia – ‘Falar dalgunha cousa ou de alguén sem reservas, abertamente’

à boca pequena – ‘En voz baixa, con sordina; en segredo’

à boca miúda – ‘O mesmo que *à boca pequena*’

dizer alguma coisa da boca para fora – ‘Dicir por dicir; dicir sen seriedade ou convicción’.

Son moitas as locucións con *boca* que fan referencia ó acto de calar:

dar um ponto na boca – ‘Gardar un segredo, non o revelar a ninguén’

calar/fechar a boca a alguém – (...) 2. ‘Dicirlle a alguén algunha cousa, deixándoo sen argumentos ou sen a posibilidade de replicar.’

2. Representa o acto de beber e comer

ter boa boca – 1. ‘Ser fácil de contentar no que toca á alimentación.’ (...)

ter má boca – 1. ‘Ser esixente no que se refire ó padal.’ (...)

fazer a boca – ‘Tomar un aperitivo ou comer algunha cousa, para que o viño saiba mellor’

tirar à boca – ‘Privarse de comer o necesario, pasar mal, sacrificarse en proveito de alguén ou dalgunha cousa’

crescer água na boca – 1. ‘Espertar o apetito, a necesidade de comer.’ (...)

LÍNGUA

A *lingua* e a *boca* fan competencia como órgano principal da fala. A *lingua* considérase como ferramenta principal da actividade de falar. *Ter lingua* é poder falar, algunhas veces inadecuadamente. Falar é activa-la *lingua*. A *lingua* pódese comparar cunha arma (cf. *ter a lingua afiada*) ou un animal salvaxe (cf. *soltar a lingua*). Así, a *lingua* conceptúase como:

1. Transmisor de información

língua de palmo (Fam.) – ‘Persoa que fala máis do que debe, que é indiscreta, linguareira’

língua de trapos – ‘Persoa maldicente’

língua de serpente – ‘Persoa que fala mal da vida allea, que fala mal doutra’

língua viperina – ‘Persoa que profire maledicencias, que é má nas súas apreciacións sobre os outros’

dar à língua (Fam.) – 1. ‘Falar, falar moito, lingoretear.’ 2. ‘Dicir o que non convén que se saiba, ser indiscreto.’

desatar a língua (Fam.) – ‘Falar moito, demasiado, dicir o que non convén’

soltar a língua – ‘O mesmo que *desatar a língua*’

estar com a língua coçando (Bras.) – ‘Estar con vontade de dicir o que non debe’

desenferrujar a língua – ‘Falar moito despois dun tempo longo de silencio’

não ter papas na língua (Fam.) – ‘Dicir o que se pensa sen asombro, sen receo, sen calquera reserva, sen rodeos’

As expresións con *língua* poden ter tamén o significado de ‘calar’:

≠ *dar um nó na língua* – ‘Calar’

dobrar a língua (Fam.) – 1. ‘Corrixir o que se acabou de dicir, reconsiderar, calar.’
(...)

engolir a língua (Fam.) – ‘Non dicir nada, calar, imporse silencio absoluto’

meter a língua no saco (Fam.) – ‘Frase usada para advertir a alguén que debe calar’

pôr um boi sobre a língua – ‘Calar obstinadamente, non revelar algunha cousa’

Nas locucións con *língua*, de novo observamos diferentes casos de metonimia. Nalgunhas locucións o órgano falante utilízase no lugar da persoa falante (cf. *as más línguas dizem*).

CORAÇÃO

O *corazón* é considerado como o lugar da afectividade, dos sentimentos, do amor, da coraxe, do medo, da tristeza, da bondade, da intelixencia etc.

1. Lugar dos sentimentos

ler no coração de alguém – ‘Adiviñar os sentimentos dunha persoa’

ter pêlo(s) no coração (Fam.) – 1. ‘Ter maos instintos; ser cruel, insensible.’ (...)

Son moitos os fraseoloxismos que remiten ó sentimento de bondade ou xenerosidade:

coração de ouro – ‘1. Carácter dunha persoa que é bondadosa, xenerosa. 2. Persoa con ese carácter.’

coração de pomba/bom coração/grande coração – 1. ‘Carácter dunha persoa bondadosa.’ 2. ‘Persoa con ese carácter.’

coração lavado – ‘Persoa leal’

coração de pedra/mau coração/coração duro/coração de bronze/coração de pedra – 1. ‘Carácter dunha persoa que é insensíbel, cruel, inhumana, que non se commove coa desgraza alhea’

sem coração – ‘Persoa insensíbel, destituída de afecto, de bondade’.

com o coração nas mãos – 1. ‘Con total franqueza, sinceridade.’ 2. ‘En continuo sobresalto; en constante temor’

de coração aberto – ‘Con sinceridade; con franqueza’

de todo o corazón – 1. ‘Con toda a boa vontade; con todo o pracer.’ 2. ‘Con toda a sinceridade’

do corazón – ‘O mesmo que *de todo o corazón*’

meter alguén no corazón – ‘Manifestar o seu aprezo por alguén para captar a súa simpatía’

entregarse de alma e corazón – ‘Dedicarse totalmente, co maior empeño e afecto’

apertar-se o corazón – ‘Aflixirse ou angustiarse’

cortar(-se) o corazón a alguén – ‘Causar gran tristeza, gran mágoa; conmoverse’

ser de cortar o corazón – ‘Causar gran tristeza ou compaixón’.

cair o corazón aos pés a alguén – 1. ‘Ser desagradablemente sorprendido.’ 2. ‘Apañar un grande susto.’

bater o corazón – ‘Estar axitado, con medo, con emoción’

de corazón ao alto – ‘Con coraxe, ánimo ou esperanza’

ter pêlo(s) no corazón – (...) 2. ‘Ser especialmente audaz.’

2. Lugar dos presentimentos

dar un baque o corazón – ‘Ter un presentimento’

dar uma pancada o corazón – ‘Ter un presentimento’

dizer-lhe o corazón a alguén que algo vai acontecer – ‘Ter un presentimento’

SANGUE

1. Centro emocional

acender o sangue a alguén – ‘Provocalo, irritalo’

alterar o sangue a alguén – ‘O mesmo que *acender o sangue a alguén*’

ferver o sangue a alguén – 1. ‘Irritarse, enfurecerse.’ 2. ‘Estar impaciente, non estar quieto.’

ter o sangue quente – ‘Irritarse facilmente’

gelar a alguén o sangue nas veias – ‘Ficar asustado, aterrado’

subir o sangue à cabeza – ‘Enfurecerse, irritarse’

ficar sem pinga de sangue – ‘Levar un gran susto’

2. Vida, esencia, ser

fazer correr muito sangue – ‘Matar moita xente’

banhar as mãos no sangue de alguén – ‘Asasinar unha persoa’

5. Conclusións

Para a elaboración deste traballo recolléronse máis de 70 somatismos diferentes que forman parte de 3650 fraseoloxismos portugueses, ou sexa, pódese considerar que unha cuarta parte de tódalas unidades fraseolóxicas portuguesas conteñen algún somatismo. Os somatismos foron clasificados en 4 grupos en función da cantidade de fraseoloxismos que forman, é dicir, en función da súa produtividade. Analizáronse dende unha perspectiva cognitiva os significados dos fraseoloxismos somáticos máis frecuentes na fraseoloxía portuguesa: *man* (*mão*), *pé* (*pé*), *olho* (*olho*), *cabeza* (*cabeça*), *boca* (*boca*), *corazón* (*coração*), *lingua* (*língua*) e *sangue* (*sangue*).

Espérase que os resultados desta investigación teñan unha importancia tanto teórica como práctica. Poden servir de base para estudar os fraseoloxismos portugueses con determinado elemento somático, para realizar análises comparativas coas UFs somáticas doutras linguas, así como tamén para analizar aspectos culturais e da forma de vida dos pobos que crearon a respectiva fraseoloxía. De igual maneira, poden ser utilizados na didáctica da fraseoloxía portuguesa e na tradutoloxía.

6. Referencias bibliográficas

- ALONSO, Julio Lago (1970): “La forme ‘coeur’ et ses entourages: essai de délimitation sémantique et rapports avec l’espagnol”, en *Actas do XII Congreso Internacional de Linguística e Filología Românica*. Volume I, 835-839.
- ÁNGELOVA NÉNKOVA, Véselka (2008): “La comparación, la metáfora y la metonimia: recursos principales para la creación de las unidades fraseológicas”, en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.) (2008): *Lenguaje figurado y motivación. Studien zur romanischen Sprachwissenschaft und interkulturellen Kommunikation*. Band 41, Frankfurt am Main: Peter Lang, 19-28.
- BLANCO, Carmen Mellado (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán. Un estudio léxico-semántico*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.
- D’ALVARENGA, Aida Sá V. (1952): *Algumas designações da cabeça humana na linguagem popular e no calão*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos.
- DI P-A – SCHEMANN, Hans; SCHEMANN-DIAS, Luiza (1981): *Dicionário Idiomático Português – Alemão. As expressões idiomáticas portuguesas, o seu uso no Brasil e os seus equivalentes alemães*. Braga: Livraria Cruz / Max Hueber Verlag.
- DI P-P – PLECINSKI, Jacek (1998): *Dicionário Idiomático Português – Polaco*. Poznan: Wydawnictwo Naukowe UAM.
- DLP – *Dicionário da Língua Portuguesa* (1998). Porto: Porto Editora, 8ª edição.
- DLPC – MALACA CASTELEIRO, João (dir.) (2001): *Dicionário da língua portuguesa contemporânea da Academia das Ciências de Lisboa*. Lisboa: Edit. Verbo.
- DPB – VILELA, Mário (coord.) (1992): *Dicionário do Português Básico*. Porto: Edições ASA, 2ª edição.

- EI R-P* – ZDITOVETSKY, Alexandre (1987): *Equivalentes Idiomáticos (Russo-Português)*. Moscovo: Escola Superior.
- GDLP* – DE FIGUEIREDO, Cândido (1996): *Grande Dicionário da Língua Portuguesa*. Lisboa: Bertrand Editora / Venda Nova.
- LARRETA ZULATEGUI, J. Pablo (2001): *Fraseología contrastiva del alemán y el español. Teoría y práctica a partir de un corpus bilingüe de somatismos*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- LUQUE DURÁN, Juan de Dios; PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.) (1998): *Léxico y fraseología*. Granada: Método Ediciones.
- MAÇÃS, Delmira (1948): “As Relações entre o Corpo e o Carácter na linguagem popular portuguesa”, en *Boletim de Filologia*. Tomo IX – fascículo 1, 1948, 229-250.
- NDEI* – NOGUEIRA SANTOS, Antonio (2000): *Português. Novos Dicionários de Expressões Idiomáticas*. Lisboa: João Sá da Costa.
- NAZARIJAN, A. G. (1968): *Potchemu tak govorit po frantzuski*. Moscú.
- NITCHEVA, Keti (1973): “Nabliudenjja varhu leksikalnija sastav na fraseologizmite v balgarskija ezik” (Observacións sobre a composición léxica dos fraseoloxismos na lingua búlgara), en *Balgarski ezik* XXIII, 6, 489-497.
- (1987): *Bylgarska frazeologija*. Sofía: Nauka i izkustvo.
- VILELA, Mário (2002): “As expressões idiomáticas na língua e no discurso”, en *Actas do Encontro Comemorativo dos 25 anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto*. Volume 1 e 2, Porto: Centro de Linguística da Universidade do Porto, 159-189.

